

Comunicado Oficial

O venres 27 de marzo, Podemos Galicia, e concretamente Isabel Faraldo, comunicou a suspensión cautelar de militancia e da portavocía a Francisco Diéguez.

Esta decisión constitúe un feito de extrema gravidade e responde a unha actuación arbitraria, baseada en interpretacións interesadas e nunha lectura completamente distorsionada dos feitos. Resulta inaceptable que se pretenda sancionar algo tan básico como expresar opinións críticas ou amosar acordo con valoracións que cuestionan a actuación da dirección autonómica.

Do mesmo xeito, estase a construír un relato artificial de deslealdade a partir de cuestións tratadas con total normalidade nos espazos internos, retorcéndoas para xustificar unha decisión previamente tomada.

Cómpre sinalar, ademais, que esta decisión prodúcese tras a presentación previa dunha denuncia por parte de Francisco Diéguez, admitida a trámite no mes de febreiro, ante o Comité Estatal de Garantías de Podemos contra Isabel Faraldo, Manuel Mena, Ximena Cheda, Carmen Berzosa e Toño Naval, o que evidencia un claro contexto de conflito interno e fai cuestionable a imparcialidade das actuacións adoptadas.

Todo isto evidencia unha deriva autoritaria, marcada polo control interno, o castigo á discrepancia e a ausencia total de garantías democráticas. Unha forma de actuar incompatible cun proxecto político que se reivindique como transformador e de esquerdas.

Neste contexto, comunícase a dimisión da portavocía de Podemos Ourense, unha decisión que non é nin improvisada nin puntual, senón consecuencia directa dun deterioro sostido das condicións políticas e organizativas. A imposibilidade de exercer a portavocía con autonomía, a falta de respaldo por parte da dirección autonómica e a constante dinámica de hostigamento fan inviable continuar desenvolvendo un proxecto político serio, útil e comprometido coa cidadanía de Ourense.

A portavocía non pode ser unha figura simbólica nin sometida a mecanismos de control que limiten a liberdade política e a capacidade de representar á militancia e á veciñanza. Manterse nestas condicións suporía lexitimar prácticas que van en contra dos principios democráticos máis básicos de Podemos.

Así mesmo, anúnciase tamén a dimisión do portavoz de Podemos Lobios, Carlos Garrido.

Quérese trasladar un agradecemento sincero e profundo á militancia, ás persoas inscritas e a todas aquelas que, durante este tempo, apoiaron, defenderon e fixeron posible o traballo político desenvolvido en Ourense. A confianza depositada, o compromiso diario e a implicación colectiva foron fundamentais para construír un proxecto con vocación transformadora, arraigado no territorio e centrado nas necesidades reais da cidadanía.

Do mesmo xeito, agrádécese tamén o interese e a atención recibida por parte dos medios de comunicación, que contribuíron a dar visibilidade ás propostas e ao traballo realizado.

Vémonos nas rúas!

Atentamente,

Círculo Podemos Ourense

Círculo Podemos Lobios